



CONCELLO DE ARZÚA

Rúa Santiago, 2
15810 Arzúa
A Coruña
Telf: 981 50 00 00

ANUNCIO

Aprobadas por decreto da Alcaldía, de data 25 de maio de 2018, as bases que rexirán o proceso de selección -polo sistema de oposición- para poder seleccionar a persoa que desempeñará o posto de traballo de **técnico en turismo**, na modalidade de funcionario interino, asimilado ao Grupo C Subgrupo C1, cun nivel 14 de complemento de destino, para levar a cabo o Programa local de desenvolvemento turístico 2018, que foi aprobado por un decreto do alcalde de data 21 de maio de 2018, para ser realizado nun período de duración mínimo de catro meses e máximo de seis meses, sen exceder da data de 31 de decembro do presente ano, cunha xornada laboral de **trinta e sete horas e media semanais**.

Resultando:

a) Que na Base Oitava, das que rixen o proceso de selección, dispónse que a lista de aspirantes admitidos e excluídos aprobarase por resolución do alcalde, que será publicada no Taboleiro de Edictos da Casa do Concello e na páxina web, concedendo aos aspirantes un prazo de cinco días hábiles, a contar desde o seguinte ao da publicación desta resolución, para presentar as reclamacións oportunas ou emendas de defectos, nos termos previstos no artigo 68 da Lei 39/2015.

b) Que o día 14 de xuño concluíu o prazo de presentación de solicitudes, por dez días hábiles, a contar desde o día seguinte ao da publicación do anuncio da convocatoria deste proceso de selección no Diario Oficial de Galicia, *(o cal tivo lugar o día 31 de maio de 2018)*.

Esta Alcaldía **RESOLVEU**:

Primeiro.- Aprobar a seguinte **lista provisional** de aspirantes admitidos e excluídos:

I) Admitidos:

DNI	NOME E APELIDOS
53305361D	María Olmo del Pino
78801394J	María García Pérez
46918933Z	Gens Cibrao López Oteyza
44092075V	Raquel Sesto Rey
44089995F	Yolanda Brea Riadigos
76776487A	Paula Alonso Rodríguez
44829247Q	Cristina Vázquez Casal
32711463N	Pablo Cervantes Casanova
35489607D	Iván Fernández Freiria
32799345B	Tania Yolanda Nicolás Gallego
32829904A	Noemi Abajo Vega

II) Excluídos provisionalmente

DNI	Nome e apelidos	Causa exclusión
45873348D	Adrian Blanco Para	Por presentar a documentación esixida na Base 7ª das que rixen o proceso de selección, mediante fotocopia sen compulsar.

III) Excluídos definitivamente:

DNI	Nome e apelidos	Causa exclusión
33278234V	María Eugenia Hortal Pintos	Non acreditou que se atopa en posesión dalgunha das titulacións esixidas na Base 5ª das que rixen o proceso de selección.

Segundo.- Facer saber, ao aspirante excluído provisionalmente, que dispón dun prazo cinco días hábiles, a contar desde o día seguinte ao da publicación desta resolución no Taboleiro de Editos da Casa do Concello e na páxina web, para correxir as deficiencias observadas, en relación coa documentación presentada coa súa solicitude.

Terceiro.- Designar ao Tribunal Cualificador que valorará os dous exercicios de que consta a oposición, así como -se procedese- a proba sobre coñecementos do idioma galego; que estará integrado polos seguintes membros:

- Presidente: D. Luis Fole Barrio (*Arquitecto técnico do concello de Arzúa*).
- Vogais:
 - Dª . Mª Asunción Aller Conde (Mestra)
 - D. Joaquim Vázquez Rodríguez (*Técnico de normalización lingüística do concello de Melide*).
 - Dª. Ana Vallo Camba (*Axente de emprego e desenvolvemento local do concello de Boimorto*).
- Secretario: D. Juan Colmenares López-Soldado (*Secretario do concello de Arzúa*), que actuara con voz e voto.

En Arzúa, a 21 de xuño de 2018

O alcalde

Asdo.: José Luis García López